



# Toponimia

## CAMPO DAS RODAS

Xerardo Dasairas

Con este nome aparece designado en Cangas (c. a. 1750) un lugar exterior ao casco urbano desta época que alude a un espazo amplo onde se facían as cordas necesarias para manexar o velame dos barcos de vela da época. Este oficio de cordeiro existiu por todo Galicia e nas zonas do interior adoitaban vendelas nas feiras. Mais foi na costa onde, obviamente, tivo máis variedade, complexidade e desenvolvemento.



## Rodas ou Carreiras

**Aparello do cordeiro, recreación do oficio. Detalle do Carro**

Hai quen confunde este topónimo co de Campo de Rodas sendo este o lugar onde os anergos cabaleiros da orde de San Xoan de Rodas se exercitaban nas súas artes militares ou en simulacros das súas celebracións. Como todos sabemos, en Moaña existe un chamado Museo das Carreiras onde se mostran os aparellos de fabricación da cordaxe nun período industrial máis recente.


## XOGO DA BÓLA

Tamén aparece mencionado en Cangas desde épocas antigas e incluso en Nerga e noutros moitos lugares de Galicia segundo a documentación. Sen dúbida alude ao xogo dos birlos que se derrubaban cunha bóla e que tiña moitas variantes segundo a zona. Ata non hai moitos anos adoitaba ser un divertimento dos mozos nas tardes de domingo e hoxe aínda se practican dúas modalidades: a tradicional e os chama-

dos Bolos Celtas que contan cunha liga de competición.

Os bolos tradicionais (9 ou 16 birlos) xogáronse tamén moito na zona de Viana, a Mezquita e na Seabra (Sanabria galega) onde hai pouco tempo asistimos a unha destas competicións.

Nestes espazos tamén se adoitaba xogar ás Bochas, nome case perdido, e que era semellante ao que hoxe se chama Petanca e que con bólas modernas, nos chegou importado de Francia.



Xeito de lanzar, bóla e birlos

## O SEÑAL

Refírese a un sinal de término natural (cons), datado no 1545, que delimitaba as parroquias de Darbo e Coiro no mar, onde desembocaba o río do mesmo nome (ou Bouzós) que tamén servía de linde. Sobre este con, fíxose o recheo de Ojea e perto del ergueuse un cruceiro que xunto cos do cemiterio e o de Sínfulis marcaban o perímetro da nova parroquia de Santiago de Cangas, segregada da de Darbo nestas datas.

## Léxico

Ultimamente púxose de moda a recolleita de palabras e xiros propios da zona do Morrazo que, ao igual que os doutras partes, enriquecen sen dúbida, o corpus lexical do idioma galego. Unha das primeiras achegas ao léxico comarcal, como sabemos, foi a de Bernardino Graña e está recollida no Dicionario de Eladio Rodríguez xunto con

variantes doutras comarcas. “*Facer a ghodalla*”, “*ir ao curso*”, “*sair a fume de caroso*”... son expresións que definen situacións dunha forma clara e expresiva e que, sen dúbida, lle chaman a atención ao foráneo. Mais de entre outras que tamén merecerían un comentario explícito, entresacamos hoxe estas dúas que sempre nos chamaron moito a atención:


**SABONETA:** Reloxo. Esta designación remóntase á época na que os reloxos eran de peto e aínda non existían os de pulso. É unha palabra francesa (*savonette*) que vén significar “xabonciño” e que designou por extensión, aos reloxos que levaban unha tapa que se abría premendo na coroa da corda. Contan que Napoleón, sempre




con présas, canso de abrir e pechar a tapa do seu reloxos mandou facer un oco na tapa que permitise ver as agullas, gravando as horas na mesma. Entón naceu o reloxos chamado de “media sabonete” que era como se designaba oficialmente polos reloxeiros locais.

**VEDRINES:** Andaviras ou tarabeles. Xogo infantil consistente nun “molinete” con aspas de papel prendido no centro a un pau que xiraba ao correr con el. Esta designación canguesa provén sen dúbida do impacto que o afamado piloto Jules Vedrines causou en todos os pobos da Ría cando veu a Vigo, con polémica incluída, a facer unhas exhibicións aeronáuticas no ano 1911.

Foi tal o impacto do acontecemento que despois, os nenos xa non pararon de **xogar “a vidrines”**.



Vedrines, o mecánico e o avión en 1911



Tarabel